



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



740/2016

Numero 151 /2016

MODIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FACULTADE DE HUMANIDADES E DOCUMENTACIÓN DE FERROL) PARA FINANCIAR A REALIZACION DE PRÁCTICAS CON BOLSA DE LICENCIADOS EN DOCUMENTACION OU GRADUADOS EN FORMACION E DOCUMENTACION NO ARQUIVO, NA BIBLIOTECA E NO SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION DA EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA

Na Coruña, a 11 de outubro de 2016

REÚNENSE

Dunha parte, o Sr. D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Patrimonio, Contratación e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

Doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (Cif Q6550005J).

Actuando no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

EXPOÑEN:

1º.- Mediante Resolución de Presidencia nº 22227 de data 13/10/2015, aprobouse a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (Facultade de Humanidades e Documentación de Ferrol), formalizado en documento administrativo nº 149/2015 de data 20/10/2015, para financiar as prácticas con bolsa de quince licenciados en Documentación/graduados en Información e Documentación, no Arquivo Provincial, a Biblioteca Provincial e o Servizo de Patrimonio/Contratación da Deputación.

2º.- Con data 06/06/2016 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 106 a *Modificación da base 28: "Contratos menores", das de execución do orzamento provincial do exercicio 2016*, mediante a cal se fai constar:

"F) Remuneración das prácticas bolseiras.

O persoal bolsreiro que desenvolva na Deputación prácticas bolsreiras derivadas de convenios con outras administración ou entidades ou a través de convocatorias públicas percibirá unha bolsa de 900,00 € mensuais co obxecto de cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, manutención e aloxamento, nos casos en que o prevexa o convenio ou as bases reguladoras.

A remuneración das prácticas bolsreiras estará suxeita á normativa vixente canto a obrigacións tributarias e coa Seguridade Social."

3º.- Na proposta de redacción da Base 28 das bases de execución do Orzamento para 2017 figura que os bolsreiros percibirán a cantidade de 1.000 €.

Tendo en conta que agora mesmo existen diferentes retribucións para os bolsreiros que están a desenvolver as súas prácticas nos diferentes servizos da Deputación da Coruña, considérase axeitado equiparar as retribucións de todos eles.

En consecuencia, ámbalas dúas partes, acordan modificar a cláusula 6 quedando redactada do modo seguinte:

ONDE DÍ

"A Deputación Provincial da Coruña aboará a cada bolsreiro a cantidade de 840,56 €/mes co obxecto de cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, manutención e aloxamento (12 meses)."

DEBE DICIR

"A Deputación Provincial da Coruña aboará a cada bolsreiro a cantidade que fixen as bases de execución vixentes durante o desenvolvemento das bolsas co obxecto de cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, manutención e aloxamento (12 meses). Todo elo condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente."

E ONDE DÍ

"Á deputación corresponderalle ó pago da cuota Seguridade Social conforme ó previsto na Normativa xeral da Seguridade Social. Dita cuota ascende a 34,89 € mensuais por becario e imputarase á partida orzamentaria 0710/211/16000 do vixente orzamento."

DEBE DICIR

"Á deputación corresponderalle ó pago da cuota Seguridade Social conforme ó previsto na Normativa xeral da Seguridade Social. Imputarase á partida orzamentaria 0710/211/16000 do vixente orzamento."

Faise constar que a presente prórroga foi aprobada por Resolución da Presidencia número 23205 de 4 de outubro de 2016.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE P.D.
O DEPUTADO DE PATRIMONIO,
CONTRATAÇÃO E EQUIPAMENTO

Xesús Soto Vivero

O REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA,

Julio E. Abalde Alonso